


CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA COLABORAR NOS TRABALLOS PREPARATORIOS E DE SUPERVISIÓN DAS TRADUCIÓNS DOS TEXTOS E DEMAIS TRABALLOS NECESARIOS PARA REALIZAR A PRIMEIRA EDICIÓ N NON VENAL DO MISAL ROMANO EN LINGUA GALEGA EN FORMATO PAPEL E EN SOPORTE DIXITAL (PDF)

## REUNIDOS





Don Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, publicado no DOG núm. 94, do 16 de maio e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 119/2022, do 20 de xuño, publicado no DOG núm. 126, do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Don Francisco José Prieto Fernández, Arcebispo da Arquidiocese de Santiago de Compostela, con CIF R1500020A, e como tal, en calidade de Metropolitano e en representación das dioceses do territorio da Comunidade autónoma de Galicia, en virtude do mandato lexítimo outorgado para estes efectos.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación competencial que ostentan, e recoñécendose mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio.

## EXPOÑEN



1.- Que de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

2.- Que no ámbito da Administración autonómica galega, correspóndenlle á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, para o que ten que xestionar e coordinar actuacións para potenciar e fomentar o galego. Para este fin precisa colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións ou entidades que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais.

3.- Que a Arquidiocese de Santiago de Compostela é unha circunscrición eclesiástica da igrexa católica en España. É a sede metropolitana da provincia eclesiástica de Santiago de Compostela dependendo dela catro dioceses: Lugo, Mondoñedo-Ferrol, Ourense e Tui-Vigo, e como tal o seu lexítimo representante.

4.- Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no ámbito litúrxico coa dignidade e veneración que os libros utilizados para proclamar a palabra de Deus merecen, coa finalidade de procurar que os sacerdotes que ofician misas católicas en Galicia e os fieis que asisten a elas poidan facer valer os seus dereitos lingüísticos en lingua galega cun compromiso decidido coa excelencia editorial.

O Concilio Pastoral de Galicia, aprobado en xuño do ano 1976, xa incluía entre as súas indicacións unha referencia ao idioma. En concreto, este documento pide aos membros da Igrexa que *"participen na promoción da lingua galega"* e insta aos párrocos a *"que se celebre nas igrexas das cidades polo menos unha misa en galego cada día festivo"* e *"naquelas comarcas nas que o galego é a única lingua, que se fagan en galego todas as celebracións"*. O propio arcebispo de Santiago de Compostela, instou aos seus párrocos no Boletín Oficial do Arcebispado para *"ser sensibles á progresiva incorporación do galego."*

5.- Que a Igrexa Católica ten unha grande influencia social na Comunidade Autónoma Galega, xa que pola súa división xeográfica en parroquias sempre contou cunha gran representatividade en todas as zonas por moi apartadas que estiveran, podendo chegar aos núcleos e lugares máis pequenos de Galicia e ter un contacto moi directo e permanente coa xente do pobo. Esta presenza nos pobos fixo que a Igrexa se identificase plenamente coas costumes e tradicións populares galegas, con todo, non conseguiu implantar de forma decidida o uso da lingua galega dentro da súa actividade eclesiástica para oficiar misas en galego no ámbito autonómico.

6.- Que a Igrexa Católica, na súa dobre fidelidade á mensaxe cristiá vive nun permanente esforzo de achegamento ao pobo e desenvolve a súa tarefa pastoral grazas á súa presenza diseminada ao longo de toda a xeografía galega o que lle posibilita o acceso á poboación e levar a cabo actuacións nos campos máis estritos da súa misión relixiosa e nos campos da vida social e cultural dos galegos católicos. Compre ter en conta que esta institución ten unha grande representatividade en Galicia, onde preto do 90% de galegos son crentes.

7.- Que o Misal Romano reformado por mandato do Concilio Vaticano II, promulgado pola autoridade do Papa Pablo VI e revisado polo Papa Juan Pablo II, na súa versión en lingua española é o texto unificado do ordinario da misa e, os bispos das dioceses con sede en Galicia pretenden que o dito libro litúrxico, Misal Romano en lingua galega, sexa o que se utilice tamén como texto unificado para oficiar misas nesa lingua en diferentes parroquias das dioceses de Galicia a partir do ano 2023.

8.- Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente poderá levalas a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia, o Arcebispado de Santiago en canto entidade autorizada pola propia Conferencia Episcopal Española para facer uso dos dereitos patrimoniais de propiedade intelectual necesarios para realizar en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a primeira edición non venal do Misal Romano en lingua galega. Polo tanto, non resulta posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

9.- Os efectos e o alcance da sinatura deste convenio para publicar a primeira edición non venal de 1.500 exemplares do Misal Romano en lingua galega estímase moi importante para promover unha maior dinamización da lingua galega no ámbito litúrxico xa que logo, desta forma, non só a freguesía senón tamén as novas xeracións poderán habituarse e familiarizarse coa lingua galega neste contexto.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

## ESTIPULACIÓNS

### Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela para colaborar nos traballos preparatorios e de tradución dos textos do Misal Romano en lingua española para editar a primeira edición do dito libro litúrxico en lingua galega cunha tiraxe de 1.500

exemplares en formato papel e, tamén, en soporte dixital (pdf).

As partes asinantes deste convenio comprométese a desenvolver de forma colaborativa e conxunta no ámbito das súas competencias as accións necesarias para o eficaz cumprimento do obxecto deste convenio.

### **Segunda.- Compromisos das partes.**

As partes asinantes deste convenio comprométese a desenvolver de forma colaborativa e conxunta no ámbito das súas competencias as accións necesarias para o eficaz cumprimento do obxecto deste convenio e, nomeadamente, as seguintes:

1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística asume os seguintes compromisos:
  - 1.1 Facilitar, cando sexa preciso, á outra parte do convenio o apoio e asesoramento técnico respecto dos aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados co obxecto do convenio.
  - 1.2 Distribuír os exemplares do Misal Romano en lingua galega entre as parroquias das dioceses galegas de acordo coas indicacións das autoridades competentes da Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela.
  - 1.3 Contribuír ao financiamento do obxecto deste convenio nos termos previstos na cláusula terceira deste convenio.
2. O Arcebispo de Santiago de Compostela, na representación que ostenta, comprométese ao seguinte:
  - 2.1 Asumir a dirección técnica e científica do equipo humano de persoas ás que se lle asignen os traballos preparatorios e de supervisión das traducións dos textos da obra orixinal, a coordinación doutros traballos vinculados á realización da primeira edición do dito libro litúrxico en lingua galega, así como as demais tarefas vinculadas ao embalaxe e envío da obra e os seus exemplares (1.500) á Secretaría Xeral de Política Lingüística.
  - 2.2 Asignar os medios humanos e materiais da súa organización que sexan necesarios para a supervisión das traducións dos textos e, de ser o caso, coordinar a contratación das colaboracións externas que se precisen para a execución do obxecto do convenio. O equipo de traballo para a supervisión das traducións dos textos da obra, así como as contratacións externas que se precisen para realizar outros traballos de edición e publicación estarán vinculados exclusivamente co Arcebispo en canto representante das dioceses galegas, sen que caiba, polo tanto, reclamación algunha, sexa directa ou subsidiaria, contra a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e



Universidades, e que se deriven de relacións laborais, civís ou mercantís de calquera persoa física ou xurídica que interveña nos traballos de edición e publicación da obra. A tal efecto, comprométese, así mesmo, a cumprir integramente a lexislación vixente que resulte de aplicación, especialmente no ámbito laboral, segundo o previsto no Estatuto dos Traballadores e nos Convenios Colectivos que resulten de aplicación.

- 2.3 Achegar á Secretaria Xeral de Política Lingüística da Consellería o documento acreditativo da autorización correspondente da Conferencia Episcopal Española respecto dos dereitos de propiedade intelectual de contido patrimonial da obra non venal de referencia que sexan necesarios para a reprodución, distribución, comunicación pública e transformación daquela coa finalidade de cumprir o obxecto do convenio cunha tiraxe de 1.500 exemplares en lingua galega en formato papel e formato dixital (pdf) para a súa difusión en páxinas web ou dispositivos electrónicos.
- 2.4 A entrega da obra en formato papel en lingua galega, cunha tiraxe de 1500 exemplares, así como a obra en soporte dixital (pdf) que se poñerá a disposición da Secretaria Xeral de Política Lingüística no seu enderezo social (Rúa San Roque, 2, Santiago de Compostela), antes do 15 de decembro do ano 2023.
- 2.5 As condicións técnicas da obra en formato papel e da versión formato pdf acomodaranse ás condicións fixadas no anexo a este convenio.

### Terceira.- Orzamento e financiamento do convenio

1. O orzamento previsto para a realización do obxecto do convenio ascende a un total de 120.000 € incluídos, de ser o caso, os impostos correspondentes.

a) A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da SXPL colaborará con fondos propios cun importe máximo de 93.600 € con cargo a aplicación orzamentaría 10.02.151A.640.6.

b) O Arcebispado contribuirá ao cumprimento do convenio cunha achega en especie de 26.400 € (horas de traballo de persoal para supervisión das traducións dos textos).

Os devanditos importes destinaranse ao cofinanciamento dos custos necesarios para realizar a primeira edición do misal romano en lingua galega (1.500 exemplares) segundo o plan de traballo que se presente polo Arcebispado.

2. As achegas das partes financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes do convenio obteñan lucro ningún.

**Cuarta.- Alcance dos dereitos de contido patrimonial derivados da propiedade intelectual cedidos para a edición e publicación da obra.**

1. O Arcebispado garante a cesión exclusiva dos dereitos de contido patrimonial derivados da propiedade intelectual que se precisen para o desenvolvemento do convenio por ámbalas dúas partes asinantes para a primeira edición non venal do Misal Romano en lingua galega cunha tiraxe de 1.500 exemplares. A referida cesión rematará coa total publicación da pretendida edición non venal da obra, sin prexuízo de que a SXPL ou a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poidan exhibir nas súas páxinas web, redes sociais ou outras canles dixitais da súa titularidade a publicación ou parte do seu contido en formato dixital (pdf) sen límite temporal algún.

2. As partes asinantes estarán lexitimadas para o uso dos textos e dos materiais básicos para a realización da primeira edición do Misal en lingua galega cunha tiraxe de 1.500 exemplares en formato papel e, así mesmo, para realizar os tratamentos informáticos que sexan precisos para a súa edición en formato dixital.

3. Todos e cada un dos exemplares en formato papel do Misal Romano en lingua galega terán carácter non venal e o característico da primeira edición será a ausencia de ánimo de lucro tendo en conta que o destino dos exemplares resultantes (1.500) non será a venda pública senón a súa distribución gratuíta a través da SXPL da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que os poñerá a disposición de diferentes parroquias das dioceses galegas segundo as indicacións das autoridades eclesiásticas da Arquidiocese Metropolitana e das Dioceses sufragáneas dela dependente (Lugo, Mondoñedo-Ferrol, Ourense e Tui-Vigo).

A edición do Misal Romano en lingua galega en formato dixital concíbese como un texto dixital que estará dispoñible para a súa reprodución, difusión e comunicación pública de forma gratuíta nas páxinas webs das autoridades eclesiásticas e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que consideren as partes asinantes.

4. Na páxina de créditos da obra farase constar mediante o símbolo do copy-right

que a o Arcebispado de Santiago é titular de todos os dereitos necesarios para a publicación da primeira edición non venal da obra en lingua galega en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

5. A edición non venal do Misal Romano en lingua galega non levara ISBN porque non se destinará a usos comerciais de venda pública.

#### **Quinta.-Identidade Corporativa e Logos**

A obra respectará o disposto no manual de Identidade Corporativa respecto da colocación de logos das partes asinantes.

#### **Sexta.- Xustificación e pagamento**

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase telemáticamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A .

Para percibir a correspondente achega, o Arcebispado presentará telemáticamente, coa data límite do 15 de decembro de 2023 a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas ou documentos equivalentes para xustificar, de ser o caso, a cuantificación da achega en especie (horas de traballo do persoal propio do Arcebispado de Santiago de Compostela para supervisar as traducións dos textos orixinais).
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua e da cultura galegas.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Función Pública da Xunta de Galicia.

O Arcebispo de Santiago de Compostela facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística reserva para si o dereito de solicitar canda documentación considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do convenio, así como a realización das actividades de control e seguimento do cumprimento das actividades previstas neste convenio.

#### **Sétima.- Utilización da lingua galega**

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.



O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

#### **Oitava.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

#### **Novena.- Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas co obxecto do convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas ou logos de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal fora o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

#### **Décima.- Vixencia**

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

### **Décimo primeira.- Comisión de Seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes do Arcebispado de Santiago de Compostela.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

### **Décimo segunda.- Causas de resolución**

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

### **Décimo terceira.- Responsabilidade das actuacións**

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas nel e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **Décimo cuarta.- Avaliación de resultados**

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na

dinamización da lingua e na promoción e difusión da cultura.

#### **Décimo quinta.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.


#### **Décimo sexta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### Décimo sétima.- Administración dixital



As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

### Décimo oitava.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo específica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia. A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.





En proba de conformidade, asínase este convenio.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2023

O Conselleiro de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e Universidades



Don Román Rodríguez González

O Arcebispo e Metropolitano de  
Santiago de Compostela



Don Francisco José Prieto  
Fernández

